



**Concello de Vila de Cruces**

Praza D. Juan Carlos I

36590 Pontevedra

**Asunto:** Copia do expediente Parque Eólico Cunca

**Solicitante:** Concello de Vila de Cruces

**Expedientes afectados:** Parque Eólico Cunca

O 12 de xullo de 2021, o Servizo de Ordenación e Coordinación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, remitiu á Xefatura Territorial de Pontevedra a solicitude do Concello de Vila de Cruces dunha copia do expediente administrativo completo correspondente á Resolución do 24 de marzo de 2021. da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Cunca, situado no Concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/02).

Analizada a solicitude, o 28 de xullo de 2021 requiríuselle ao Concello de Vila de Cruces que concretase o máximo posible a información solicitada (proxectos, informes, alegacións, etc). Ademais indicóuselle que, de ser necesaria unha vista do expediente para poder concretar a documentación solicitada, o expediente estaría a súa disposición para consulta nas dependencias da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en Pontevedra,

O 6 de agosto de 2021 Luis Taboada, alcalde do Concello de Vila de Cruces, compareceu nesta xefatura territorial co obxecto de tomar vista ao expediente Parque Eólico Cunca. O 13 de agosto de 2021 o Concello de Vila de Cruces solicitou copia do expediente do Parque Eólico Cunca concretando no seu escrito a documentación a que desexa ter acceso.

A solicitude efectuada versa sobre o expediente no que Concello de Vila de Cruces ten a consideración de interesada de acordo co artigo 4.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal teñen tal condición os que, sen haber iniciado o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.

O artigo 53.1 da Lei 39/2015 especifica que os interesados teñen dereito a “coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesados (...). Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.”





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN  
Xefatura Territorial de Pontevedra

Avda. María Victoria Moreno, 43  
36003 PONTEVEDRA

galicia

En virtude de tal condición, informásele que pode descargar a documentación solicitada a través do seguinte enlace:

<http://descargas.xunta.es/715b95c8-d0b0-4131-99d5-cf3b0431028b1629196787821>

Pontevedra, asinado dixitalmente

A xefa do Servizo de Enerxía e Minas

Gema Mouríño de Lucas

